

## A adaptación da Lei Moyano a Galicia

*Narciso DE GABRIEL  
Universidade da Coruña  
Grupo de Investigación PEHE  
Rede RINEF-CISOC*

A Lei Moyano (1857) ditouse para ser aplicada uniformemente, e con pretensións homoxeneizadoras, no conxunto do Estado, pero algunhas das súas disposicións deberon ser modificadas para adaptalas a Galicia, e máis concretamente á peculiar forma de se asentar a poboación no territorio, que constitúe un dos trazos básicos da súa singularidade.

Esta lei establecía que o número e a clase de escolas que os concellos estaban obrigados a soste dependía da cantidade de habitantes de cada localidade. As menores de cincocentos habitantes debían agruparse con outras para formar distrito, no que se crearía unha escola elemental completa, sempre e cando resultase accesible á poboación dos diversos núcleos; de non ser así, habería que instalar en cada distrito unha escola incompleta ou de temporada, en función das posibilidades do concello. As vilas que sumasen cincocentos habitantes debían contar cunha escola completa de nenos e outra de nenas, aínda que esta última podía ser incompleta. Cando os habitantes sumaban dous mil, as escolas completas ascenderían a catro, dúas de nenos e outras tantas de nenas. Nas vilas que superasen esta última cifra crearíanse, ademais das catro escolas correspondentes á categoría anterior, unha elemental completa de nenos e outra de nenas por cada incremento de dous mil habitantes, podendo computarse para estes efectos as privadas, sempre e cando as públicas representasen polo menos un terzo do total. Nos núcleos de máis de dez mil habitantes, e en todo caso nas capitais de provincia, unha das escolas públicas tiña que ser superior, e o Goberno comprometíase a promover a creación de escolas de párvulos. Finalmente, recomendábase a instalación de escolas nocturnas ou dominicais.<sup>1</sup>

O salario dos mestres dependía do mesmo criterio, cifrándose en 2.500 reais anuais para as vilas que tiñan entre cincocentos e mil habitantes, 3.300 para as de mil a tres mil, 4.400 para as de tres a dez mil, 5.500 para as de dez a vinte mil, 6.600 para as de vinte a corenta mil, 8.000 para as de máis de corenta mil e 9.000

---

<sup>1</sup> *Historia de la Educación en España. De las Cortes de Cádiz a la Revolución de 1868*, Madrid, Ministerio de Educación, 1979, pp. 267-268.

para Madrid. Nas localidades de menos de cincocentos habitantes correspondía fixar o soldo ao gobernador civil, unha vez consultado o concello. As mestras cobrarían un terzo menos do que correspondese aos mestres.<sup>2</sup> Esta discriminación salarial, que tamén existía noutros países e noutras ocupacións laborais, persistirá ata 1883.

Crear unha rede de escolas en función do número de habitantes de cada vila non resultaba unha tarefa doada en Galicia, que suma aproximadamente a metade das entidades de poboación rexistradas no conxunto do Estado.<sup>3</sup> O que a lexislación recollía como máis ou menos excepcional —localidades de menos de cincocentos habitantes—, en Galicia era a norma.

Cantas escolas debía soste cada concello? De que clase? Onde debían instalarse? Que salario lle correspondía ao maxisterio? A estas preguntas tratará de dar resposta Juan José Viñas, reitor da Universidade de Santiago de Compostela, nos dous documentos que reproducimos, datados o 18 de abril de 1859: o “Informe pedido acerca de una esposición [sic] de varios vecinos del Ayuntamiento de la Golada sobre la redución de las escuelas completas de su distrito a incompletas; y [que] propone la organización más conveniente al mejor servicio de la instrucción primaria en Galicia”, e as “Disposiciones que las especiales circunstancias de Galicia exigen para la ejecución de la ley de 9 de Setiembre de 1857”. Estas disposicións converteranse, con moi escasas modificacións, na Real orde de 18 de outubro de 1859.

Juan José Viñas Valduvieso, nacido en Santiago en 1811, constitúe “un dos casos paradigmáticos de intelectual ó servicio do poder político”, segundo sostén Xosé Ramón Barreiro Fernández.<sup>4</sup> Logo de estudar Leis e Cánones, desempeñou diversos cargos na administración, tanto en Madrid como en Santiago, e foi elixido deputado a Cortes polo partido moderado en sucesivas ocasións. Malia non estar vinculado á Universidade, o Goberno nomeouno reitor e catedrático de Xurisprudencia en 1843, e catedrático de Economía Política e Dereito Político en 1845. Estivo á fronte da Reitoría durante catro mandatos, que se prolongaron, con breves interrupcións, entre 1843 e 1868. Será elixido senador pola Universidade de Santiago en 1877 e 1879; na segunda ocasión a súa candidatura impúxose á de Eugenio Montero Ríos.<sup>5</sup> Barreiro Fernández, auxiliado por Cotarelo Valledor, describe así a súa figura:

Cotarelo Valledor, cando chegou a principios do século XX a Santiago, debeuse informar do temperamento e actitudes de Viñas. Na súa noveliña *La chispa mági-*

2 *Ibid.*, pp. 281-282.

3 BEIRAS, Xosé Manuel e LÓPEZ, Abel, *A poboación galega no século XX*, Santiago, Laivento, 1999, pp. 37-72.

4 BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón, *Historia da Universidade de Santiago de Compostela. Volume II*, Santiago, Universidade de Santiago-Parlamento de Galicia, 2002, p. 286.

5 *Ibid.*, pp. 286-287, 308-312, 494-496 e 510-511.

ca describo como un señor de moi baixa estatura, orlado por una barba branca, inquieto, de ollos vivos e que permanentemente estaba en movemento. Era, sen dúbida, un referente incuestionable para moitos galegos. Por uns meses Santiago tívoo como alcalde, dende o 4 de marzo ó 18 de agosto de 1875. Non era un home brillante, nin orador, nin escritor coñecido, pero dominaba o mundo que se cocía nos corredores ministeriais, nas comisións, e tivo a grandeza de poñer-los seus recursos políticos e persoais ó servizo da Universidade de Santiago.<sup>6</sup>

O informe que nos ocupa foi elaborado durante o seu terceiro e máis longo mandato (1856-1865), e ten a súa orixe na demanda de varios veciños da Golada de que se reducisen a incompletas as escolas elementais completas existentes neste concello. O Ministerio de Fomento solicitou ao reitor que informase sobre o asunto, e que asemade propuxese “la organización más conveniente al mejor servicio de la instrucción primaria en Galicia, donde por lo diseminado de su población y su topografía sería quizás preciso adoptar una resolución especial.”<sup>7</sup>

Viñas acolleu o encargo con entusiasmo, malia ser consciente da súa complexidade, e o seu informe, ben construído e redactado, divídese en catro partes: a lexislación sobre a creación de escolas nas localidades que non reunisen cen veciños ou cincocentas “almas”; a forma en que se aplicou a lei de 1857; a situación escolar realmente existente e os criterios para a mellor organización do ensino primario en Galicia.

A lexislación anterior viña a dicir, en síntese, que cando nun concello non houbo ningún núcleo que reunise un determinado número de habitantes —catrocentos “veciños” segundo a lei de 1838— debían formarse distritos escolares, agrupando as localidades de forma que se facilitase na medida do posible a asistencia ás escolas. A Lei Moyano fixará a cifra en cincocentas “almas”, e tomando como base o último nomenclátor, o reitor compostelán afirmaba que por debaixo dese límite vivía aproximadamente o 88% da poboación galega. E non debía andar moi desencamiñado, pois segundo o nomenclátor de 1888, o número de entidades por quilómetro cadrado era de 1,15 en Galicia e de 0,21 no conxunto do Estado, e a porcentaxe de poboación que residía en entidades con máis de cen edificios era do 18,89% e 70,33%, respectivamente.<sup>8</sup> Galicia era, xa que logo, un sitio distinto.

Correspondía ás Comisións provinciais de Instrución primaria, oídas as Comisións locais respectivas e os inspectores, elaborar o mapa escolar de cada provincia, mais en Lugo e Ourense aínda non se formaran os distritos escolares, e as propostas das outras dúas provincias non resultaban viábles en termos económicos. Pontevedra tomara como base as parroquias, ás que consideraba como se

6 *Ibid.*, p. 496.

7 Todas as citas literais corresponden, sempre que non se sinala outra procedencia, ao informe que se reproduce nas seguintes páxinas. Este documento está depositado no Arquivo Histórico Universitario de Santiago (AHUS), Ensino Primario, caixa 160.

8 GABRIEL, Narciso de, *Leer, escribir y contar. Escolarización popular y sociedad en Galicia (1875-1900)*, Sada (A Coruña), Edicións do Castro, 1990, cadro 1.5, p. 34.

fosen un único “pueblo”, e A Coruña partira das escolas existentes, “y a cada una se le asignó el territorio proporcionado, teniendo en cuenta el vecindario y la naturaleza del terreno.”

Antes de expoñer a súa proposta, Viñas considera necesario describir cal era o estado do ensino primario en Galicia, e facelo ademais de forma obxectiva, porque o Goberno debía coñecer a situación real, que distaba moito de se axustar ás prescricións oficiais. As escolas resultaban insuficientes, os seus mestres estaban polo regular moi mal pagados e tiñan unha formación precaria, e os locais eran penosos nos máis dos casos.

O número total de escolas públicas ascendía a 1.435, tal como se recolle no Cadro 1.<sup>9</sup> A maioría, concretamente o 69,13%, eran incompletas, e o 92,89% do seu profesorado carecía de titulación profesional. Nas provincias da Coruña, Lugo e Ourense os mestres destas escolas foran nomeados polos respectivos concellos “sin previas garantías de aptitud”, e na de Pontevedra posuían “o un certificado de examen autorizado por la Comisión superior de instrucción primaria anterior a la ley de 9 de Septiembre de 1857, o el de aptitud y moralidad que prescribe el artículo 181 de la misma.”<sup>10</sup>

Agás Lugo, todas as provincias superaban as catrocentas escolas, pero a que posuía unha rede de maior calidade era a de Pontevedra. Certo é que a provincia lucense tiña, segundo a estatística oficial de 1855, que o reitor cita, un extraordinario número de escolas, pois sumaban 1.013, o dobre que Madrid e Barcelona, e só por debaixo de Burgos (1.253) e León (1.063).<sup>11</sup> Pero mellor sería que non as tivese, por non mereceren as mais delas seren cualificadas como escolas. Nin sequera se refire a elas co rústico nome polo que eran coñecidas: escolas de ferrado. O seu destino era o de seren clausuradas e substituídas por públicas incompletas.

Cadro 1. Número e clase de escolas públicas de nenos e nenas

	Superiores			Completas			Incompletas			Total		
	Nenos	Nenas	Total	Nenos	Nenas	Total	Nenos	Nenas	Total	Nenos	Nenas	Total
A Coruña	2		2	68	14	82	370	1	371	440	15	455
Lugo	1		1	71	7	78	36	1	37	108	8	116
Ourense	1		1	113	11	124	311		311	425	11	436
Pontevedra	1		1	84	70	154	273		273	358	70	428
Galicia	5		5	336	102	438	990	2	992	1.331	104	1.435

9 Os datos deste cadro foron solicitados polo reitor ás Xuntas provinciais de Instrución Pública para redactar o informe (AHUS, Ensino Primario, caixa 160).

10 Esta observación aparece como nota no “Estado formado para conocer el número de las escuelas desempeñadas por maestros con título y las que se hallan vacantes”, AHUS, Ensino Primario, caixa 160.

11 A estatística atribúalle a Lugo 111 escolas públicas e 902 privadas; destas últimas, 886 eran cualificadas como “incompletas” de nenos, e representaban o 74,33% das rexistradas no conxunto do Estado (*Estatística de la primera enseñanza de la Península e Islas adyacentes correspondiente al quinquenio de 1850 a 1855*, Madrid, Imprenta del Colegio de Sordo-Mudos y de Ciegos, 1858, cadro 1).

As escolas de nenas case non existían en Galicia, se exceptuamos a provincia de Pontevedra, que tiña 70, todas completas, e “donde a mi xuízo se traspasaron los límites de la prudencia dándoles más dotación de la debida”. Para o reitor abondaría unha escola incompleta en cada municipio, que ademais permitiría conseguir “el principal beneficio de las escuelas especiales de niñas en poblaciones rurales o pueblos de corto vecindario, cual es introducir el régimen en las de niños, que, con la concurrencia de ambos sexos en un mismo local, no es posible.” Na súa opinión debía promoverse a instrución das mulleres, “tan necesaria para mejorar su condición”, pero era consciente de que as xentes do campo lle concedían escasa importancia, cando non a rexeitaban abertamente, mentres que no caso dos homes, chamados moitos deles a emprender o camiño da emigración, existía unha actitude máis favorable.

Cadro 2. Dotación do maxisterio das escolas públicas de nenos e nenas

	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	N	%	N	%	N	%	N	%	N	%
Dotación (reais)	Escolas de nenos									
100-499	183	41,59	25	23,15	195	45,99	162	45,00	565	42,42
500-999	139	31,59	7	6,48	112	26,42	94	26,11	352	26,43
1.000-1.999	61	13,86	8	7,41	86	20,28	24	6,67	179	13,44
2.000-2.999	35	7,95	56	51,85	24	5,66	39	10,83	154	11,56
3.000-3.999	12	2,73	6	5,56	5	1,18	24	6,67	47	3,53
4.000-4.999	3	0,68	3	2,78	2	0,47	12	3,33	20	1,50
5.000-5.999	4	0,91	1	0,93			3	0,83	8	0,60
Máis de 6.000	3	0,68	2	1,85			2	0,56	7	0,53
Total	440	100	108	100	424	100	360	100	1.332	100
Dotación (reais)	Escolas de nenas									
500-999	1	7,14							1	1,01
1.000-1.999	2	14,29	4	50,00	3	37,50	33	47,83	42	42,42
2.000-2.999	3	21,43	2	25,00	3	37,50	34	49,28	42	42,42
3.000-3.999	6	42,86	1	12,50	2	25,00	2	2,90	11	11,11
4.000-4.999	2	14,29							2	2,02
5.000-5.999			1	12,50					1	1,01
Total	14	100	8	100	8	100	69	100	99	100

O salario anual dos mestres oscilaba entre os 40 reais que cobraba un de Lugo e os 6.600 que correspondían a algúns dos que exercían nas cidades. No Cadro 2<sup>12</sup> rexístranse as dotacións agrupadas por intervalos, o primeiro dos cales incluía os que recibían menos de 500 reais, que supuñan o 42,42%; na provincia da Coruña esa cantidade adoitaba cifrarse en 400, na de Ourense, que ofrecía un “cuadro desconsolador”, en 200, e na de Pontevedra en 360. Os mestres do segundo nivel máis baixo da escala salarial, que representaban o 26,43%, cobraban normalmente

12 Elaborado a partir do estado titulado “Clasificación de escuelas públicas según sus dotaciones”, AHUS, Ensino Primario, caixa 160. Neste cadro faltan por clasificar catro das 1.435 escolas rexistradas no 1.

500 reais.<sup>13</sup> Só o 17,72% chegaba aos 2.000 reais ou os superaba. Lugo tiña un menor número de mestres nas categorías inferiores da escala debido a que a maioría das súas escasas escolas eran completas. Esta mesma circunstancia tamén se producía, e polas mesmas razóns, no caso das mestras das catro provincias.

Limitándonos ás escolas incompletas, rexidas por homes na súa práctica totalidade, o 81,52% tiñan unha dotación para persoal que non superaba os 500 reais, polo que “o no existen en realidade, y sólo se figuran en fraude de la ley; o están entregadas a maestros ineptos que no hacen más que propagar errores, o dar una enseñanza tan superficial que ocupa el tiempo inútilmente”. As reclamacións que se recibían neste sentido non eran fáciles de atender, porque “a estos maestros de cortos sueldos están ligados el Secretario del Ayuntamiento, cuando no es el Alcalde, por hechos censurables, y que los mueven a encubrir sus faltas.” Como se pode apreciar, Viñas era plenamente consciente de que as redes caciquís, coas súas practicas clientelares e moitas veces fraudulentas, constituían un importante atranco para o funcionamento da instrución pública.

Se as escolas e os salarios eran insuficientes, os locais escolares non reunían as condicións máis elementais, agás moi contadas excepcións. O reitor alude aos cualificados como bos na estatística de 1855, e conclúe que tal cualificativo ha de ser entendido en termos relativos e non absolutos. Coñecía as deficiencias dos existentes en Santiago, A Coruña, Padrón ou Monforte, e non necesitaba visitar os das pequenas vilas e aldeas para acreditar nas “tristísimas descripciones” que deles se lle facían acotío. E non se albiscaba por ningures que a situación mellorase nun futuro próximo: “No tengo noticia de que en Galicia se haya edificado hasta ahora una sola [escola], y sólo sé que son contadas las gestiones hechas para obtener con este objeto una subvención del Estado.” O mobiliario e o material tamén resultaban insuficientes e deficientes, entre outras razóns porque moitos concellos non cumprían coa obriga de satisfacer por este concepto unha cuarta parte do salario asignado ao mestre ou mestra.

As deficiencias dos locais impedían a aplicación dun sistema educativo racional e puñan en perigo a saúde de nenos e nenas, “haciéndoles contraer males para toda la vida.” Polo demais, se se quería conseguir que as escolas públicas resultasen atractivas para a poboación e fosen debidamente valoradas, era necesario instalalas en edificios decentes e *ad hoc*. Do contrario, os concellos e a xente do común apelarían ás súas múltiples deficiencias para tentar desfacerse delas e do custe que supuñan, como xa viña sucedendo. Viñas apostaba pola calidade —edificios decentes e mestres debidamente formados e medianamente remunerados—, cando menos para as cabeceiras dos municipios, no canto de facelo pola cantidade. Esta conseguiríase unha vez que arraigase na sociedade o modelo de institución escolar teorizado pola cultura científica e regulado pola cultura política.

---

13 Estas precisións aparecen nas notas ao estado que vimos de citar.

As causas desta situación eran diversas, e unha das máis importantes radicaba en que a administración escolar non velaba debidamente polo progreso do ensino primario. Había, certamente, outro tipo de condicionantes, como as limitacións orzamentarias ou as formas de asentamento da poboación, mais non era menos certo que

la incuria de los que debían cuidar de sus intereses; las intrigas que se mezclaban en la creación y provisión de escuelas, no combatidas por autoridades imparciales; y la falta de medios de acción, o mejor dicho del uso de ellos, para hacer cumplir, en lo que fuese posible, las disposiciones del Gobierno y lo que el bien público demandaba, son causas que han influido poderosamente para que en la generalidad no recibiese la instrucción primaria en Galicia las mejoras de que era susceptible.

Nun informe anterior, publicado en 1854, era aínda máis contundente, e afirmaba que a decadencia da instrución pública debíase á “incompetencia y falta de celo de las autoridades y corporaciones encargadas del gobierno de las escuelas. En la apatía, en la irresponsabilidad de las comisiones superiores y en las locales se estrellaron todas las disposiciones y buenos deseos del Gobierno.”<sup>14</sup> Era necesario acometer unha “reforma radical, y que las autoridades encargadas de la inspección y gobierno de las escuelas primarias tengan el poder, la aptitud y la voluntad de llenar la alta misión que se les confía, creando la responsabilidad, que hasta aquí no ha podido existir en corporaciones que no eran justiciables por su apatía, por la más perjudicial indiferencia, ni aun por las faltas que pudiesen cometer.”<sup>15</sup> Esta reforma debería conducir á creación dun aparato administrativo estritamente centralizado e xerarquizado, ao que se lle puidesen demandar responsabilidades polas súas accións ou omisións, especificamente escolar, formado por individuos competentes na materia e que non estivese condicionado polas estreitas miras e os intereses encontrados de cada localidade. A construción dun sistema educativo nacional non podía deixarse en mans das autoridades locais:

El Ministerio, asistido por el Consejo de Instrucción pública, que recibe los informes de los inspectores generales; el Rector, con un consejo académico para todos los asuntos árdulos y graves; un Director de escuelas en cada provincia y los inspectores necesarios, he aquí el cuadro de gobierno de la instrucción primaria, al que deben añadirse las comisiones locales con atribuciones únicamente de vigilancia.<sup>16</sup>

O deseño do mapa escolar de Galicia, principal obxectivo do informe de 1859, esixía conciliar dous factores contradictorios: o espallamento da poboación, unido aos atrancos que dificultaban a comunicación entre uns núcleos e outros, requiría multiplicar o número de escolas, mentres que os escasos recursos dos municipios, cuxa poboación vivía en moitos casos no límite da subsistencia, limitaba a posi-

14 VIÑAS, Juan José, *Informe que acerca de la reforma del Plan y Reglamento de Estudios ha elevado al Gobierno de S. M., en cumplimiento de la Real orden de 4 de Octubre de 1853, el Dr. D....*, Santiago, Imprenta y Litografía de D. Juan Rey Romero, 1854, p. 7.

15 *Ibid.*, p. 9.

16 *Ibid.*, p. 10.

bilidade de facelo. O proxecto de Justo Pico de Coaña, ao que alude, porque era coñecido polo Goberno, consistente en que os veciños contribuísen en especie, como se viña facendo nas escolas de ferrado, non resolvía o problema, porque se ben era certo que para os labregos resultaba máis “llevarlo dar fruto que dinero, no significa esto que se presten a dar aquel de buen grado en la cantidad precisa para realizar aquel proxeto.”<sup>17</sup>

Esta contradición só se resolvería se o Estado acudía en auxilio dos concellos, “porque no es justo que los pueblos pobres que contribuyen con cuanto pueden para las cargas públicas, no reciban los beneficios más indispensables que disfrutaban los habitantes de poblaciones más afortunadas.” Mentres así non fose, era necesaria unha reforma que resultase viable en termos económicos e que permitise asemade difundir a instrución, aínda que fose en doses limitadas, entre a maioría da poboación.

O principio básico era que os municipios onde non houbo ningún núcleo superior aos cincocentos habitantes —a inmensa maioría— serían considerados como distrito escolar único para os efectos de crear unha escola completa, e debían soste, ademais da completa de nenos, unha incompleta de nenas. Non resultaba factible a proposta das Xuntas provinciais de Pontevedra e da Coruña de formar distritos agrupando entidades ata sumar aproximadamente cincocentos habitantes, e asignarlle a cada un deles unha escola completa. O custo resultante non podería ser asumido polas arcas municipais, “pues aun soportan con gran dificultad, según lo demuestran con datos bastante exactos [sic], el coste de algunas [escolas completas] creadas en cada municipio”. O salario dos mestres tampouco debía depender da poboación de cada concello, por máis que, supoñendo que a riqueza aumentaba consonte o facía o número de habitantes, a lei vixente fixase as dotacións en función da veciñanza de cada “pueblo”. Esta premisa non resultaba aplicable nos máis dos concellos galegos: “¿Cómo es posible comparar con uno de estos pueblos la artificial formación de uno, compuesto de habitantes de aldeas, en que no hay aquellos elementos de riqueza?” De aí que se propoña unha dotación de 2.500 reais para os mestres das completas —a máis baixa das recollidas na lei— e de 1.100 para as mestras das escolas incompletas. Mais como o reitor era consciente de que esta proposta privaba o maxisterio de estímulos profesionais, pois a maioría só podería aspirar á categoría inferior da escala salarial, introduce unha excepción: cando neste tipo de municipios radicase a capital do partido xudicial,

---

17 O mesmo ano en que Juan José Viñas redactou o informe que nos ocupa, Justo Pico de Coaña publicou unha *Guía legislativa y directiva de las escuelas rurales, o manual para la organización y régimen de las escuelas rurales de primera enseñanza, dedicado a los Párrocos y Maestros de los pueblos rústicos*, Mondoñedo, Imprenta y Enci. de los Srs. Perrote y Romero, 1859. En 1866 redactou un texto que se inscribe na mesma liña argumental (“Memoria sobre la 1ª educación del pueblo agrícola gallego”, AHUS, Ensino Primario, caixa 160), reproducido como anexo no meu libro *Agricultura e escola. Contra a rutina e o éxodo rural*, Santiago, Universidade de Santiago de Compostela, 1989, pp. 119-125.



a dotación do mestre ascendería a 3.300 reais, a escola de nenas sería completa e a dotación da mestra cifraríase en 2.200, un terzo menos que o mestre, en sintonía co estipulado pola Lei Moyano.

Os requirimentos para os municipios onde houberse unha vila que reunise entre cincocentos e dous mil habitantes serían os mesmos: unha escola completa de nenos e outra, “aunque sea incompleta”, de nenas. A súa dotación axustaríase ao legalmente establecido, mais se na vila radicaba a capital do partido, as Xuntas provinciais procurarían que os salarios non fosen inferiores aos sinalados para o caso anterior.

As localidades que oscilasen entre dous e catro mil habitantes, obrigadas a soste dúas escolas completas de nenos e outras dúas de nenas, poderían limitarse a crear unha de cada sexo, sempre e cando xustificasen a imposibilidade de financiar as catro; esta excepción obedecía a que algunhas delas, como Muros, Sada ou Cangas, “tienen un vecindario formado en su mayor parte por pescadores, que es la gente más pobre del país; de suerte que la riqueza de su distrito municipal no es seguramente más importante que la de otro [municipio] de 1.000 almas.” Para as vilas que superasen os catro mil habitantes, respectaríanse as prescricións legais vixentes.

Ademais das elementais completas de nenos e das completas ou incompletas de nenas referidas, os concellos debían soste as escolas incompletas necesarias para atender a poboación que non puidese beneficiarse destas, cunha dotación de cando menos 1.100 reais. Se as circunstancias económicas non permitían crear escolas incompletas, reduciríanse a temporais, encargándose un único mestre de servir dúas, e dedicando seis meses a cada unha delas. O número e a localización dunhas e doutras, así como o lugar concreto no que debía instalarse a completa nos concellos que carecesen dunha vila de cincocentos ou máis habitantes, sería decidido pola respectiva Xunta provincial de Instrución pública, oídas a Xunta local e a Inspección; caso de haber discrepancia entre os ditames destas instancias, resolvería a Reitoría. Este tipo de decisións era “objeto de frecuentes rivalidades, y no pudiendo eximirse de atender a ciertos intereses la Autoridad provincial, convendrá someterla en último término a quien por su posición no está ligado a ellos.”

Segundo as previsións iniciais de Viñas, a aplicación do seu plan requiriría poñer en funcionamento 346 escolas máis, case todas incompletas ou de temporada (Cadro 3).<sup>18</sup> Os criterios aos que vimos de facer referencia supuñan a diminución das completas de nenos en todas as provincias agás na da Coruña, aínda que a inclusión de moitas das escolas existentes nesta categoría unicamente “era hija del

18 Elaborado a partir do “Cuadro demostrativo del número y dotaciones de las escuelas de Galicia, con arreglo a la ley de 9 de Setiembre de 1857, y a las disposiciones propuestas por el Rector del Distrito”, AHUS, Ensino Primario, caixa 60.

libre albedrío o del buen deseo de quien [la] autorizó”; as completas de nenas reducíanse onde había marxe para o retroceso, que era unicamente en Pontevedra; a maior parte do incremento correspondía ás incompletas de nenas, das que en 1859 só había dúas; por último, as incompletas de nenos tamén aumentaban, aínda que o 23% serían temporais. Estas ascenderían a 251, encargándose un único titular de dirixir dúas, polo que o número total de mestres diminuía en 143, mentres que o de mestras aumentaba en 238.

Cadro 3. Escolas e mestres que deberían existir (A) e diferenza cos existentes (B)

Escolas	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	A	B	A	B	A	B	A	B	A	B
Superiores	3	1	1	0	1	0	1	0	6	1
Completas de nenos	110	42	65	-6	96	-17	71	-13	342	6
Completas de nenas	36	22	12	5	13	2	21	-49	82	-20
Incom. e Temp de nenos	319	-51	150	114	322	11	300	27	1.091	101
Incompletas de nenas	74	73	53	52	83	83	50	50	260	258
Total	542	87	281	165	515	79	443	15	1.781	346
Mestres	363	-77	166	58	347	-78	312	-46	1.188	-143
Mestras	110	95	65	57	96	85	71	1	342	238
Total	473	18	231	115	443	7	383	-45	1.530	95

A proposta penalizaba a Pontevedra, “que es cabalmente la provincia en que se nota más movimiento en la creación de escuelas”, pois só gañaba 15 escolas, e perdía unha boa parte das completas, nomeadamente de nenas, ademais de ser a única na que se reducían os efectivos do maxisterio, ao desaparecer 46 mestres e sumar só unha mestra. O crecemento de escolas e mestres concentrábase en Lugo, onde se precisaba facer un importante esforzo, para tentar así destruír as escolas de ferrado, que no inverno proliferaban coma os cogomelos. Esta batalla librada pola cultura escolar oficial contra a cultura popular tardará o seu tempo en ser gañada, coa agravante de que as escolas substitutas non diferirán no fundamental das que se pretendían substituír —e non só na provincia de Lugo—, como facía notar Domingo Erosa y Fontán en 1866: “Y tanto es así, cuanto que los actuales Maestros en su mayor parte, son los mismos de antes, los que regentaban aquéllas [as escolas de ferrado], con la sola circunstancia de tener la interina autorización de que antes carecían, como si ésta fuese bastante a obrar en ellos una imposible transformación, en sentido intelectual.”<sup>19</sup>

19 EROSA Y FONTÁN, Domingo, “La primera enseñanza y su profesorado. Artículo III”, *Revista de Primera Enseñanza*, Pontevedra, núm. 58, 16 de decembro de 1866, p. 398.

Cadro 4. Importe en reais da reforma

Dotación salarial de mestres/as	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Superiores	21.700	5.400	5.400	5.400	37.900
Completas de nenos	345.600	174.300	252.600	199.800	972.300
Completas de nenas	107.073	27.868	30.068	49.870	214.879
Incompletas e temporais de nenos	250.000	100.000	250.000	240.000	840.000
Incompletas de nenas	81.400	58.300	91.300	55.000	286.000
Total	805.773	365.868	629.368	550.070	2.351.079
Material escolar	201.443	91.467	157.342	137.517	587.769
Gasto total previsto (A)	1.007.216	457.335	786.710	687.587	2.938.848
Gasto total actual (B)	458.826	244.225	352.412	550.767	1.606.230
A-B	548.390	213.110	434.298	136.820	1.332.618
Incremento porcentual	119,52	87,26	123,24	24,84	82,97

Se o aumento de escolas e de mestras era máis ben modesto, e se o número de mestres mesmo se reducía, en termos orzamentarios o proxecto ideado por Viñas supuña unha notable mellora, xa que o investimento en instrución primaria incrementábase nun 82,97%, que na provincia de Pontevedra, en mellores condicións, se limitaba ao 24,84% (Cadro 4).<sup>20</sup> De se cumpriren estas previsións, unha boa parte do maxisterio duplicaría os seus modestos salarios.

Respecto dos locais, propúñase que as Xuntas de ensino primario estimasen o “coste del edificio” escolar, pois na maior parte dos núcleos rurais non existían casas acaídas para este propósito. Debían axustarse ao modelo oficial, aínda que podía modificarse, se as circunstancias da localidade así o aconsellaban. De non poderen asumir os concellos o custe da construción do edificio —ou do seu acondicionamento, se había “edificio propio destinado a escuela”—, poderían solicitar axuda con cargo aos orzamentos provinciais —as Deputacións destinarían unha partida específica para este concepto, que o reitor non estimou oportuno concretar— e aos xerais do Estado.<sup>21</sup>

Foi precisamente en relación cos locais onde o Goberno central introduciu modificacións na proposta: suprimiu a referencia ás Deputacións e especificou que Galicia recibiría o mesmo tratamento que “las demás provincias del reino”. Matizábase así o diferencialismo do proxecto, que se esvaecía aínda máis na disposición 14<sup>a</sup> engadida pola administración central: as normas recollidas na Real orde faríanse extensivas ás provincias que reunisen condicións semellantes ás de Galicia, sempre que así o solicitasen os reitores. O resto das disposicións publicáronse na *Gaceta de Madrid* nos termos en que foran redactadas polo reitor compostelán.

<sup>20</sup> Elaborado a partir do “Cuadro demostrativo del número y dotaciones de las escuelas de Galicia”, citado na nota 18.

<sup>21</sup> As citas deste parágrafo proceden das Disposicións e non do Informe.

Juan José Viñas gabábase desta circunstancia nun escrito redactado o 30 de setembro de 1866, dirixido ao Director xeral de Instrución pública.<sup>22</sup> O motivo do escrito radicaba na necesidade de informar sobre os aumentos de soldo do maxisterio, acerca dos que houbera varias reclamacións, “a consecuencia de las resoluciones dictadas por mi antecesor.” Tratábase de Simón Martín Sanz, reitor de Salamanca, que intercambiara o posto co de Santiago durante aproximadamente un ano.<sup>23</sup> Mais antes de entrar en materia, Viñas síntese obrigado a defender “mi reputación como funcionario público”, cuestionada, ao seu entender, por quen o sucedera no desempeño do cargo:

Apenas habían transcurrido dos meses desde que cesé en el gobierno de este Distrito para ir a regir el de Salamanca, cuando ya mi sucesor expuso a esa Superioridad que el estado lamentable en que se hallaba la organización de la instrucción primaria en Galicia, hacía necesario, para cortar los abusos, unas disposiciones, que publicó en circular de 3 de Enero dirigidas a extirparlos. Consistían aquellos principalmente en hallarse establecidas muchas escuelas privadas sin tener título los maestros, hasta el punto de existir 14 de esta clase en esta Capital; en que no se daban lecciones los días de media fiesta y los jueves por la tarde; en que se exigían por los maestros crecidas retribuciones, llegando algunas a 20 rs. mensuales, y por fin, se había visto con sorpresa que se hallaban algunas escuelas públicas de importancia regentadas por maestros sin título profesional. Tales abusos y el asegurar en otra comunicación n.º 89 que en este Distrito nada se había hecho para ejecutar la Real orden de 18 de Octubre de 1859, debieron dar, al ser denunciados, una triste idea del estado de la organización de la instrucción primaria en Galicia y de la autoridad que desde la publicación de la ley de 1857 la tuvo bajo su inspección. No he sido yo ciertamente, según los informes que existen en ese Ministerio, el que se ha mostrado más satisfecho del estado de la primera enseñanza en este Distrito, como tampoco es muy lisongero [*sic*] el de otras provincias de España; pero ni los defectos que presentan pueden remediarlos los rectores por muchas disposiciones que publiquen, ni respecto de los espresados [*sic*] en las citadas comunicaciones hay motivo justificado para tan extraordinaria sorpresa.

Non negaba a existencia das catorce escolas a cargo de mestres sen titulación denunciadas polo seu antecesor, mais continuaron existindo durante o mandato deste, polo que ou ben o problema non era de consideración, ou ben a Reitoría carecía de atribucións para solucionalo. Polo demais, e sen pretender escusar esta circunstancia, as devanditas escolas estaban nos barrios máis pobres da cidade, cobraban unha módica retribución —“uno o dos cuartos por semana”, e algunha mesmo era gratuíta—, a maior parte dos que a elas asistían eran párvulos —seguramente poderían asimilarse ás denominadas “escolas de amiga”— e cubrían a carencia das públicas que deberían existir. Durante o seu ano de ausencia, na pro-

22 AHUS, Ensino Primario, caixa 160.

23 “O Goberno por Real orde do 11 de setembro de 1865 nomeouo [a Juan José Viñas] Rector de Salamanca, intercambiando o cargo co seu Rector, que se veu a Santiago, sen dúbida para resolver algún problema naquela Universidade” (BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón, *op. cit.*, p. 495).

vincia da Coruña unicamente se clausuraran catro escolas, e só era na provincia de Lugo onde existía

